


## Roteiro 6 A Imprensa e a Prensa



Santiago de Compostela. Anónimo, ca. 1925. (Col. Familia de la Riva)



A invención da imprenta por Gutenberg en 1440 permitiu a difusión xeral da escritura, ata daquela refuxiada nos scriptoria dos mosteiros. Desde ese momento as letras espállanse por Europa a gran velocidade e, con elas, a doutrina, a ciencia, a poesía, as ideas.

Arredor de 1480 rexístrase a aparición da imprenta en Galicia. Monterrei, Ourense e Mondoñedo son as primeiras vilas nas que se evidencia a súa presenza, se ben non con carácter permanente. En Monterrei aparece o impreso galego máis antigo coñecido, o Misal Auriense, impreso en 1494 por Gonzalo Rodríguez de la Pasera e Juan de Porres.

Inicialmente a maioría das impresións encárganse a “moldeiros” itinerantes e a obradoiros radicados fóra de Galicia, como o Breviarium Compostellanum, impreso en Lisboa por Nicolás de Saxonia en 1497. Entrado xa o século XVI, Ourense destaca pola calidade dos seus impresos grazas á presenza de impresores como Vasco Díaz Tanco del Fregenal. Entre as súas edicións destacan as Constituciones Sinodales do arcebispo Manrique de Lara (1544) e a Palinodia (1547).

O século XVII concentra as imprentas na cidade de Compostela, patrocinadas pola Universidade e polo Cabido diocesano. A temática dos impresos faise máis variada, pois a partir deste momento non só atopamos libros relixiosos, senón tamén de materia xurídica e filosófica, sen apartar a arquitectura, a poesía e a música.

O primeiro impreso en galego, datado en 1810, figura no libro Proezas de Galicia, de Fernández Neira. A edición de libros en galego está vinculada ao Rexurdimento. O primeiro título é A gaita gallega de Xoán Manuel Pintos, editado en latín, castelán e galego e publicado por fascículos ao longo do ano 1853, en Pontevedra.

En 1863 aparece un libro transcendental na recuperación do galego como lingua literaria: Cantares gallegos de Rosalía de Castro. Editado en Vigo por Compañel, é a primeira obra monolingüe.



O primeiro xornal de Galicia é o *Catón Compostelano*, que ve a luz en 1800. Séguenlle, en 1808 o *Diario de la Coruña*, o *Diario de Santiago* e a *Gaceta de la Coruña*. As primeiras publicacións de certa periodicidade en galego son *A Tertulia de Picaños* (Compostela, 1820) e *O Vello do Pico-Sagro* (A Coruña, 1860). Pero o primeiro xornal en galego propiamente dito é *O Tío Marcos da Portela*, fundado por Valentín Lamas Carvajal en 1876. Expoñentes do galeguismo político e do reencontro da nosa intelectualidade coa identidade galega son *A monteira*, *A Fuliada*, *O galiciano*, *A tía Catuxa*, e posteriormente *A Nosa Terra* e *Nós*. Hai tamén un abundante número de cabeceiras creadas pola Galicia da diáspora, tanto en La Habana, como en Buenos Aires e outras capitais americanas. Títulos como *El Avisador Galaico* (Cuba 1878); *Todo por España y para Galicia* (Buenos Aires 1879); *Airiños da miña Terra* (La Habana) ou *Galicia, revista semanal ilustrada* (La Habana, 1902-1930). Tamén se foi consolidando a prensa comarcal en cidades históricas como Betanzos, Mondoñedo, Tui, ou vilas



mariñeiras como Vilagarcía, Redondela, Ribadeo, Ortigueira, Viveiro, Noia e Marín. Nas poboacións do interior aparecen xornais en Verín, Ribadavia e Monforte. Entre 1900 e 1910 a mobilización agrarista levou a prensa a Ponteareas, Carballo, Ferreira de Valadouro, Entrimo, Allariz, Chantada...



O libro galego moderno nace no primeiro terzo do século XX, da man das Irmandades da Fala e de editores como Leandro Carré e Ánxel Casal. Os anos que van ata o comezo da guerra civil son moi fecundos tanto nos contidos como nas formas de libros e publicacións periódicas. Logo dun período de estancamento, provocado pola represión do pensamento galeguista durante a posguerra no que a edición en galego se refuxia no exilio, a actividade editorial volve agromar en 1950 coa aparición da editorial Galaxia. O restablecemento da democracia a partir de 1976 permite que as letras galegas incen de novo ata chegar ao novo século, cando as novas tecnoloxías abren vieiros inéditos para a expresión da literatura, a ciencia e o pensamento.



